



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORALLOITA
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 655

Semana do 30 de novembro ao 6 de decembro de 2015

UN ANIVERSARIO PARA MIRAR CARA O FUTURO

A FUNDACIÓN LUÍS TILVE CELEBRA O SEU 25 ANIVERSARIO

Redacción.- Hai 25 anos nacia en Santiago de Compostela a Fundación Luís Tilve, un 9 de outubro de 1989, a partir da idea do, nese momento, secretario xeral de UGT-Galicia, Suso Mosquera, quen consideraba fundamental o estudo histórico dos movementos sociais, sindicais, políticos e culturais contemporáneos, así como, a conservación da documentación que obraba en poder do sindicato ou que puidera chegar a el.

Con tal propósito, nas instalacións da Fundación, creouse un Arquivo Histórico do Movemento Obreiro en Galicia, inscrito na Rede de Arquivos de Galicia, ao que se suma unha Biblioteca Especializada no Mundo do Traballo, integrada na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Precisamente, para conmemorar esta data, celebrouse este xoves en Santiago, no salón de actos do Cersia, un acto ao que asistiron numerosos compañeiros de UGT, do mundo sindical en xeral e que tamén contou cunha ampla representación institucional.

Un acto emotivo e cálido no que só se deixaron sentir palabras de agradecemento pola labor desenvolvida pola Tilve e polo seu compromiso cos valores e coa historia. Traballo centrado en fomentar o coñecemento e a difusión da historia do movemento obreiro e sindical en Galicia; axudar ó estudo e comprensión da realidade socioeconómica e laboral de Galicia, así como, das súas problemáticas, presentando conclusións, propostas ou solucións.

O acto foi aberto polo presidente de honra da Fundación, Fernando González Laxe, que lembrou como aquel 9 de outubro de hai 25 anos iniciouse unha andaina ilusionante que a ningún decepcionou, xa que hoxe a Luís Tilve é unha referencia social en Galicia.

Pola súa banda, o presidente da Deputación de A Coruña, Valentín González, destacou o compromiso da Fundación coa clase traballadora e coa historia do movemento obreiro e desexoulle outros 25 anos de historia para seguir loitando por unha so-



cidade máis xusta e libre.

O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, lembrou que “hai catro anos o partido socialista en Galicia fixo á Tilve custodia dos nosos arquivos” e advertiu que o traballo da Fundación “está hoxe de rabiosa actualidade porque aqueles dereitos que todos creíamos conquistados pónense de novo en dúbida”.

EVITAR QUE CAIA NO OLVIDO O TRABALLO DOS SINDICALISTAS

O secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, tivo unhas palabras de recoñecemento para o presidente e “alma mater” da Fundación, Suso Mosquera, así como, para o seu presidente de honra.

Considerou moi necesario evitar que caia no olvido o traballo de sindicalistas e socialistas que contribuíron a unha sociedade máis xusta e igualitaria. Conquistas sociais que hoxe parece que o “hiperliberalismo” quere levar por diante. Denunciou que esta Europa “está encollendo cada vez máis o estado de benestar e o último exemplo disto é o espectáculo bochornoso que están a ofrecer coa crise dos refuxiados”.

Aproveitu a súa intervención para lembrar que neste país vivíuse unha forte crise que prexudicou aos que menos ti-

ñan e aos que, precisamente, non eran responsables da mesma. E, agora, no camiño da recuperación seguen a ser os grandes esquecidos. Nesta situación, os medios de comunicación parecen non querer ver o que realmente sucede e apuntan os focos cara outro lado. Insistiu en que precisamos luz.

Denunciou que se está a producir un crecemento anémico e seguen a primar as desigualdades. Hai que falar máis de servizos públicos, calidade do emprego e, en definitiva, dun crecemento económico máis equilibrado.

Finalmente, amosou o seu orgullo polo rigor co que escribe as páxinas da historia a Fundación Luís Tilve.

O presidente da Fundación, Suso Mosquera, destacou que a Fundación é o resultado dun traballo colectivo e xeneroso e agradeceu a colaboración recibida en todo momento.

Tivo unhas palabras de lembranza para os que ao longo destes 25 anos formaron parte do padroado.

Subliñou que a dignidade dos traballadores foi a idea que motivou a impulsou en todo momento o traballo da Tilve.

Fixo unha breve pasaxe da historia da



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Fundación que no 1991 é declarada de interese galego e neste mesmo ano asínase coa Largo Caballero un acordo para que a Tilve pasase a ser a depositaria do arquivo histórico da UGT en Galicia.

Destacou o traballo de publicación de máis de 50 libros que deron a coñecer a historia da UGT nalgunhas comarcas e nalgunhas federacións. Tamén se publicaron biografías de persoeiros que contribuíron a escribir a historia do sindicalismo galego e xa no 2006 iniciábase a andaina da revista Claridade.

Fixo fincapé en que este é un aniversario, non para mirar cara atrás, senón para mirar cara o futuro.

Comprometeuse a que a Fundación Luís Tilve nos vindeiros anos vai estar na senda de mellorar as condicións da clase traballadora.

De seguido, proxectouse un vídeo que recolleu a historia da Tilve e tomou a palabra Guillermo Pérez, directo do arquivo da Fundación, que resumiu a súa actividade nestes últimos 25 anos.

Traballo centrado no arquivo, a biblioteca, proxectos de investigación, as liñas editoriais e un importante fondo de memoria oral. Un traballo que foi desenvolvido con atrevimento, responsabilidade e ilusión.

Concluíu afirmando que “se a Fundación Luís Tilve non existise, habería que inventala”.

Na súa intervención, Roxelio Pérez, o secretario da Tilve, destacou, ademais do traballo que desenvolve a Fundación a diario, os Premios Luís Tilve que se conceden todos os anos ao traballo digno, acción solidaria, defensa do medioambiente e dos bens comúns e investigación e divulgación histórica. Neste senso, fixo unha breve reseña dos galardoados nestes últimos anos.

CLAUSURA

Xa na clausura do acto celebrado en Santiago para conmemorar o 25 aniversario, interviñeron o alcalde da cidade compostelana, Martiño Noriega; o conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta, Francisco Conde; e o secretario xeral de UGT, Cándido Méndez.

Noriega fixo fincapé en que aos 25 anos non chega calquera entidade e, ademais, mantendo o compromiso co que naceu. Subliñou que na actualidade, de seguro, Tilve tería que pelexar coas mesmas forzas que hai uns anos porque hoxe os traballadores teñen que recupe-



rar moitos dereitos que deixaron no camiño. Concluíu afirmando que hoxe o movemento sindical é máis necesario que nunca.

O conselleiro de Economía recoñeceu o traballo da Fundación que ven a apuntalar a labor do Sindicato. E lembrou que moitas das cousas que hoxe damos por sentadas son froito do traballo sindical no pasado.

Xa, finalmente, o secretario xeral de UGT tivo unhas palabras de recoñecemento polo apoio recibido por UGT-Galicia nestes últimos 22 anos de xestión ao fronte da Secretaría xeral.

Destacou o apoio tanto de José Antonio Gómez como de Suso Mosquera, este último ofreceu en anos moi convulsos para a Organización un apoio marcado pola serenidade.

ATESORAR A MEMORIA HISTÓRICA E OS VALORES DO SINDICALISMO

En relación coa Fundación, destacou a súa loita á hora de atesorar a memoria histórica e os valores do sindicalismo.

Uns valores que hoxe están en entredito porque a recesión económica convertiuse nunha trituradora dos dereitos sociais.

Sen ir máis lonxe, denunciou que España é o país de Europa onde máis aumentou a desigualdade abríndose un perigoso camiño cara a pobreza.

Tamén advertiu que a denunciada polarización social está a provocar tamén a

polarización política.

Neste últimos anos desmontáronse dous mitos, un traballo non é garantía de vida digna, e un segundo, as futuras xeracións vivirán peores condicións que a precedente, rompendo así a tendencia de mellora mantida ao longo da historia.

Destacou o importante papel desenvolvido polas organizacións sindicais, aínda que se cometeron erros, tamén foron vítimas dunha campaña de desprestixio e acoso.

DISTRIBUCIÓN DA RIQUEZA

De cara a estes anos, considera que a clave estará na distribución da riqueza. E o primeiro sitio onde esta se inicia é na negociación colectiva. Aquí os sindicatos van ter un importante traballo que desenvolver.

Porque, se non se mellora o poder adquisitivo das rendas do traballo, non se poderá romper o círculo vicioso dominado por baixos salarios, baixa recadación do Estado e, polo tanto, diminución de recursos públicos ao servizo da cidadanía.

En relación á campaña de cara ás eleccións do 20D, insta ás forzas políticas a que se centren no necesario, emprego de calidade, combater a desigualdade e centrar o foco tamén na moi necesaria innovación no noso tecido produtivo para acadar unha economía máis competitiva. Pero, para isto, urxe derrogar xa a reforma laboral, un lastre que polo sistema de contratación e despedimento que prima dificulta a tan demandada innovación que esixe emprego estable e de calidade.

UGT DENUNCIA QUE A TAN PUBLICITADA MELLORA DA ECONOMÍA NON CHEGA AO MERCADO LABORAL GALEGO

A rotación, temporalidade e estacionalidade seguen a ser as constantes do mercado de traballo

Redacción.- Á vista dos datos feitos públicos hoxe, referidos ao paro rexistrado no mes de novembro, a suposta mellora da economía, que algúns non cansan de publicitar, non chega, nin de lonxe, ao mercado laboral, sobre todo, ao galego.

Con 225.158 persoas desempregadas en Galicia parece que aínda non se pode falar de recuperación. Ademais, hai que ter en conta que, mentres no resto do Estado o paro baixa nun 0,65 por cento no mes de novembro con respecto a outubro, en Galicia a tendencia é á suba, cun incremento do 1,4 por cento, 3.066 persoas máis en situación de desemprego.

A isto habería que sumarlle un mercado laboral contraído e marcado pola rotación, temporalidade e estacionalidade que impiden, en moitos casos, a consolidación dos postos de traballo que se xeneran. E, ademais, para aqueles que continúan en situación de desemprego, as taxas de cobertura seguen en niveis mínimos e a prestación por desemprego ten xa un marcado carácter asistencial.

Unha análise polo miúdo das estatísticas facilitadas reflicte que, interanualmente, o paro si baixa, un 9,4 por cento en Galicia e un 8,04 no resto do Estado.

En canto á contracción da poboación en idade de traballar, esta prodúcese, basicamente, pola saída da poboación cara fóra na busca dun futuro mellor e polo retorno de inmigrantes cara os seus países de orixe. De feito, continúa a caída do desemprego entre os estranxeiros.

Por sexos, o desemprego en Galicia medra mensualmente tanto entre as mulleres, un 1 por cento, como entre os homes, nun 1,9 por cento. En termos interanuais, a tendencia é á inversa, o paro cae máis entre os homes, nun 12,4 por cento, que entre as mulleres, un 6,8 por cento. Así, dedúcese que a tímida mellora que se poida producir no mercado laboral beneficia moito máis aos homes, a desigualdade segue presente.

No mes, o desemprego medra en todas as provincias (un 3,63 por cento en Lugo, un 3,5 por cento en Ourense e



un 1,93 por cento en A Coruña), salvo en Pontevedra, onde cae un 0,27 por cento. En relación a hai un ano, o paro baixa en todas, tamén máis acusadamente en Pontevedra.

En relación ao comportamento do mercado laboral dos máis mozos, os menores de 25 anos, hai que subliñar que o desemprego medra máis que no conxunto de idades, un 3,04 por cento. Tamén é certo que interanualmente cae máis, un 17,62 por cento, pola saída de efectivos, como se comentaba antes, na busca dun futuro máis estable no eido laboral, e polo cambio po-boacional.

O comportamento dos sectores conduce ao crecemento do paro en todos, en termos mensuais. Dun xeito máis acusado no primario, cun aumento do número de persoas desempregadas nun 4,68 por cento; na construción, nun 1,7 por cento; e no sector servizos, nun 1,23 por cento. En relación ao ano anterior cae en todos os sectores, destacando a baixada da construción, nun 18,16 por cento, e da industria, nun 16,42 por cento.

Unha análise da contratación indica que esta tamén cae no mes, nun 12,7 por cento, por enriba do resto do Estado. Baixan tanto os indefinidos, nun 15,1 por cento, como os temporais, un 12,5 por cento. No ano a evolución si é favorable, aumentando ambas modalidades de contratación, aínda que segue dominando a temporal, un 19,82 por cento, fronte ao 7,19 por cento da indefinida. No mes de novembro, a porcentaxe de contratos indefinidos sobre o total foi tan só do 7,76 por cento, baixando en relación ao mesmo mes de hai un ano cando era do 8,6 por cento. É destacable que en Galicia nun só mes

fixéronse 68.070 contratos, o que evidencia a precariedade destes que non se consolidan e os altos niveis de rotación laboral.

En canto ás coberturas por desemprego, estas seguen baixo mínimos. Hai 113.731 persoas en situación de desemprego sen ningún tipo de prestación. Quedando a taxa de cobertura nun 53,2 por cento, por debaixo da media do Estado. Pero é que, das 108.361 persoas que si perciben prestación, tan só o 40 por cento é de carácter contributivo.

Esta asistencialidade da prestación conduce tamén a contías das prestacións moito máis baixas. Se a contía media bruta da prestación contributiva é en Galicia de 770,2 euros, no caso das asistenciais non supera os 426 euros ao mes.

Finalmente, UGT-Galicia segue a advertir de que a media de afiliados á Seguridade Social segue afastada do millón de afiliados de antes da crise, concretamente, sitúase en 949.130, baixando tamén no mes nun 0,2 por cento. En definitiva, a suposta recuperación económica aínda non se pode trasladar ao eido laboral. UGT aposta porque o emprego, o bo emprego, sexa o eixo fundamental do debate político, social e económico deste país.

Tamén resulta prioritario reforzar a protección por desemprego, é aquí onde o Sindicato propón a ILP por unha prestación de ingresos mínimos; urxe, ademais, reforzar as políticas activas de emprego e de intermediación; e, finalmente, UGT insiste na importancia de avaliar estas políticas de emprego co fin de asegurar o mellor uso dos recursos e a inserción dos desempregados.

O “NOVO BOCADO” AO FONDO DE RESERVA PON DE MANIFESTO A MALA EVOLUCIÓN DO EMPREGO

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Cándido Méndez, afirmou que o Goberno lle vai a dar “un novo bocado” ao Fondo de Reserva, tras o anuncio de utilizar 7.700 millóns de euros do Fondo de Reserva para pagar a extra de Nadal dos pensionistas.

Cándido Méndez realizou estas declaracións antes da reunión mantida por UGT e CCOO con EU para presentarlle a proposta sindical ante as eleccións xerais do próximo 20 de decembro.

Neste sentido, sinalou que ao comezo da lexislatura do Executivo do PP había “66.800 millóns neste fondo e agora vai quedar reducido a menos da metade”, o que “pon claramente de manifesto como a evolución do emprego non está a



ser positiva nin en calidade nin en cantidade”.

UGT e CCOO PRESENTAN A EU AS PROPOSTAS SINDICAIS ANTE AS ELECCIÓNS DO 20-D



Redacción.- Os secretarios xerais de UGT e CCOO reuníronse o pasado mércores co Coordinador Federal de Esquerda Unida (EU) para presentarlle as propostas sindicais ante as eleccións xerais do próximo 20 de decembro.

Propostas que “seguro terán moitas coincidencias coas de EU no novo tempo político que vén como xa as tiveron na lexislatura que xa acaba”, sinalou o secretario xeral de UGT, Cándido Méndez, en declara-

cións previas á reunión.

Un novo tempo “do que temos a única certeza que non haberá unha maioría absoluta, polo que os espazos de diálogo van adquirir máis forza que nesta lexislatura, que se caracterizou pola ausencia total de diálogo e concertación”.

UGT e CCOO continuaron a rolda de presentación das súas propostas cos grupos parlamentarios de PNV e CDC no Congreso.

UGT demanda máis e mellor emprego para as persoas con discapacidade

Redacción.- No Día Internacional das Persoas con Discapacidade, 3 de decembro, UGT esixiu máis e mellores empregos para este colectivo.

Taxa de paro do 35%

O sindicato denunciou que estas persoas son o único grupo que aumentou en número de parados no 2014. Cunha taxa de desemprego do 35%, un 60% de paro de longa duración e unha gran temporalidade e precariedade do emprego que se crea. UGT esixiu unhas políticas de integración máis eficientes e efectivas, desde o Diálogo Social, co fin de lograr aumentar a contratación destas persoas a través da igualdade de trato e oportunidades.

Ademais, demandou un maior cumprimento da normativa na contratación e unha intensificación da actuación da Inspección de Traballo, prestando especial atención á discapacidade sobrevenida.



É DE LEI
2 MILLONS DE PERSOAS
prestación de ingresos mínimos para
INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR

Leva a túa sinatura ao Congreso

eu asino!
rescatar ás persoas
combater a desigualdade

AUMENTAR A BONIFICACIÓN DOS CONTRATOS INDEFINIDOS É INEFICAZ E INASUMIBLE POLA SEGURIDADE SOCIAL

Redacción.- A proposta de Mariano Rajoy de subvencionar as cotizacións dos primeiros 500 euros de salario de cada novo contrato indefinido é volver incidir nunha política que xa se aplicou na lexislatura con nefastos resultados (9 de cada 10 contratos que se fan son temporais).

Esta proposta é ineficaz, custosa e supoñería unha perda de recursos inasumible para o noso Sistema de Seguridade Social e un novo transvasamento de rendas cara aos empresarios, aumentando a regresiva distribución que xa se produciu nos últimos 4 anos.

Fronte a isto, UGT propón eliminar a práctica totalidade das bonificacións e subvencións á contratación (concentrándoas conxunturalmente en colectivos con especiais dificultades de inserción) e potenciar as políticas activas de emprego (que o Goberno do Partido Popular reduciu en 2.500 millóns de euros, un 35%, entre 2011 e 2015).

Neste sentido, é preciso destinar cada ano a metade da recadación obtida da loita contra a fraude fiscal e a economía mergullada á mellora destas políticas activas de emprego para aproximarnos aos estándares europeos desexables.

Son varias as razóns polas que UGT rexeita a proposta do presidente do Goberno, Mariano Rajoy, de subvencionar as cotizacións dos primeiros 500 euros de salario de cada novo contrato indefinido. Esta proposta:

*Supón insistir na mesma liña de actuación custosa e ineficaz que se aplicou na lexislatura, con nefastos resultados.

*Esta medida xa existe, para contratos indefinidos concertados entre o 1 de marzo de 2015 e o 31 de agosto de 2016, tanto para novos contratos como para transformacións de temporais, e a bonificación agora dura 2 anos (extensible para empresas de menos de 10 traballadores durante un ano máis). Por tanto, o que parece que agora propón o Partido Popular é ampliar o seu período de vivencia ata o 31 de decembro de 2016 e estender a duración da bonificación ata catro anos.

*Existe un amplísimo consenso entre os expertos e académicos sobre a ineficacia das bonificacións á contratación, porque posúen un elevado “peso morto”, que significa que esas contratacións fixéronse de igual maneira sen bonificacións.

*Dito máis claramente, a medida supón “tirar o diñeiro”, e este é moito: para 2016 está orzamentado un custo para as arcas do Estado do pago de cotas, subvencións e bonificacións á Seguridade Social, de 2.245 millóns de euros, dos cales 1.650 millóns dedicaríanse a financiar as medidas de fomento da contratación laboral. Por tanto, trátase dun custo moi elevado, cun rédit moi escaso: non hai que esquecer que, a pesar de todo este malgasto, nove de cada dez contratos que se fan no noso país son de carácter



temporal.

*Ademais, supón reducir os ingresos da Seguridade Social, que ten un déficit superior aos 10.000 millóns de euros. Hai que lembrar que entre 2011 e 2014 os ingresos por cotizacións caeron en 6.000 millóns de euros. É unha perda de recursos inasumible.

*É moi preocupante que o partido do Goberno, que sen dúbida coñece todo isto, non atope para o seu programa electoral outras medidas máis efectivas e menos custosas para relanzar o emprego e aumentar a súa calidade. Salvo que o que pretenda sexa atopar unha nova coartada para reducir as pensións e descapitalizar aínda máis o Fondo de Reserva, do que xa se comeu 25.000 millóns, o 40%.

*O que si supoñen medidas como esta é un novo transvasamento de rendas cara aos empresarios, aumentando a regresiva distribución de renda que xa se produciu nesta lexislatura que agora termina.

*En suma, unha proposta vella, custosa e ineficaz; máis do mesmo, que foi un desastre.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de **UGT** ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

UGT RECOMPILA NUN LIBRO OS ESTUDOS SOBRE O SISTEMA DE REPRESENTACIÓN SINDICAL DE VARIOS EXPERTOS


Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores presentou o libro "Representación e Liberdade Sindical. Límites á Liberdade Sindical Negativa, a Maior Representación Sindical e a súa Necesaria Revisión", unha obra colectiva na que se recollen os traballos de dez especialistas en Dereito do Traballo e a Seguridade Social de diferentes Universidades españolas, nos que analizan desde diferentes puntos de vista- o modelo de representación sindical vixente no noso país e as debilidades e fortalezas que foi evidenciando ao longo dos seus máis de trinta anos de funcionamento.

Cándido Méndez defendeu na súa intervención a vixencia deste modelo "que nos dá lexitimidade democrática e que nos permite protexer os dereitos dos traballadores das microempresas a través dos convenios colectivos, onde as mesas de negociación configúranse en función da representatividade sindical".

Por tanto, temos unha capacidade de outorgar cobertura aos traballadores que máis o necesitan a través deste modelo.

Os autores desta obra colectiva foron representados no acto de presentación polo profesor titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade Complutense de Madrid Jesús Lahera, polo avogado laboralista Fernando Luján, e por Xullo Veiga, profesor titular da Escola Universitaria de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade das Palmas de Gran Canaria.

José Javier Cubillo, secretario de Organización e Comunicación de UGT, concluíu esta presentación reivindicando a necesidade de resolver carencias importantes do actual modelo de representación, como o feito de que estean excluídos do mesmo quen traballa en empresas de menos de seis traballadores.



O SECTOR LÁCTEO RETOMA AS MOBILIZACIÓNS

Redacción.- Dous meses despois de asinado o acordo lácteo, os prezos do leite no campo continúan sen subas. As cadeas de supermercados, pola contra, si incrementaron o prezo das súas marcas brancas nos lineais. Unha situación que o sector entende que require dunha explicación.

Por iso, as organizacións que conforman a Plataforma en Defensa do Sector Lácteo, da que UU.AA. forma parte, están a desenvolver actos simbólicos de protesta diante das áreas comerciais de Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo e Lugo que consisten no reparto de información aos consumidores.

De non acadarse melloras nos vindeiros días, o sector non descarta retomar as tractoradas.

UGT, CCOO E AS ORGANIZACIÓNS DO VIH REIVINDICAN A NECESIDADE DUN PACTO DE ESTADO FRENTE AO VIH, A SIDA, O ESTIGMA E A DISCRIMINACIÓN



Redacción.- As organizacións sindicais UGT e CCOO e as organizacións CESIDA (Coordinadora Estatal de VIH e sida), FELGTB (Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Transexuais e Bisexuais) e Coordinadora Traballando en Positivo queremos aproveitar este 1 de Decembro, Día Mundial da sida, para confirmar o noso compromiso para seguir traballando conxuntamente para fomentar a integración laboral e a non discriminación de quen vive con VIH.

Para iso, é necesario que o Goberno español asuma unha serie de compromisos co obxectivo de responder aos diferentes problemas que, na actualidade, afectan directamente a este colectivo no seu acceso ao mercado laboral.

Por iso, esiximos ao novo Goberno de España que resulte das próximas eleccións xerais a celebrar o próximo 20 de Decembro que lidere a creación dun Pacto de Estado fronte ao VIH, a sida, o estigma e a discriminación.

UGT gaña as eleccións en Urbaser-Ferrol

Redacción.- UGT ven de gañar as eleccións sindicais en Urbaser-Ferrol, a empresa de limpeza e recollida de residuos do Concello.

UGT obtivo cinco dos nove delegados que se elixían. USTG acadou dous representantes, un CCOO e outro un independente.

FES agradece a confianza depositada polos traballadores de Urbaser na candidatura de UGT, tanto no traballo feito nos últimos catro anos como no que se avexia de cara a este novo mandato.